

## MUSA POPULAR

TEÑO UN AMOR EN BETANZOS...

Teño un amor en Betanzos,  
outro teño en Gandarío;  
namoréime da Manoela  
e estou metido nun lío.

Músico de profesión,  
de cote ando de parranda;  
vou ledo de festa en festa,  
tocando a frauta na banda.

Coa Manoela estiven onte  
na romaxe de Miodelo,  
coma é rapaza moi seria,  
non deixa tocarlle a un pelo.

Deberéi levala á igrexa  
para casarme con ela;  
samente así dese xeito  
teréi o amor de Manoela.

Ando a matinar no asunto  
e remato por pensar  
que se caso co' esta nena,  
vou deixar de troulear.

*Luisa Crestar Díaz*

### BETANZOS

Betanzos, terra bendita,  
pobo digno de querer,  
aloumiñáchesme sempre  
e non te podo esquencer.

Betanzos dos Cabaleiros,  
berce de xente fidalga,  
rica xoia de Galicia  
e orgullo grande de España.

Betanzos, París e Londres  
din con fachenda unhos cantos,  
e non se trabucan, non,

pois podemos demostralo.

*J. C. Gómez*

### AMOR MEIGO

Es unha real donceliña,  
gallarda, moi feiticeira,  
garimosa, xeitosiña;  
ti es a miña compañeira.

Das ilusíons, tecelana;  
beizos feitos pra bicar;  
arrecende a túa faciana...  
Lémbrote así, natal lar.

Coa sorriso das Mariñas,  
rapaza de ollos belidos,  
onde choran as mociñas  
os seus amores fuxidos.

O louro millo pendura  
das antergas balconadas,  
namentras o mozo xura  
cumprir as palabras dadas.

Cariña meiga, brillante,  
fiandeira dos cariños,  
beleza pro camiñante,  
fachenda pros teus filliños.

Nai que nos has cobexar  
no teu regazo amoroso,  
ó deixar de pronunciar  
o teu nome tan fermoso.

As túas trenzas do pelo,  
loiras cal raios de sol,  
fanse crechas d'ouro belo,  
semellando a nena en frol.

Os teus brazos relocentes,  
eses ríos enmeigados,

esas pontes esplendentes  
e as portas dos namorados.

Eiquí quero rematar.  
Os meus amores contigo  
nunca terán de finir,  
nin siquera no xacigo.

*Ricardo G. Gondell*

#### CANTIGAS DE LA COMARCA

En Padrón hai boas nenas  
e por Santiago a frol delas;  
na Coruña, as coruñesas  
e en Betanzos, as garelas.

A subila e a baixala  
a costa de Miodelo,  
a subila e a baixala  
perdín a cinta do pelo.

A subila e a baixala  
a costa de Trasanquelos,  
a subila e a baixala  
perdín a roca dos cerros.

Padre nuestro vello  
vai por Reboredo,  
leva calzas brancas  
e calzón bermello.

Reboredo tral-a costa,  
esquencer a Reboredo  
moito traballo me costa.

O gaiteiro de Viuxe  
malo costado cho mate,  
que non quer tocal-a gaita  
sen tomal-o chiculture.

San Antonio de Cuiña  
ten unha pipa no monte;  
as mulleres beben viño  
e os homes, auga da fonte.

Para Sada vai o mare,  
para Betanzos, o río;  
para pasar a Fontán  
hei de alquilar un navío.

A aldea de Touriñáu  
está no alto e dalle o vento;  
hai unha neniña nela  
que me leva o pensamento.

A Virxen de Pastoriza  
está sentada no adro  
para vel-os betanceiros  
como rezan o rosario.

Nosa Señora de Aranga,  
¿qué has de dar ós teus romeiros?  
Auguiña da túa fonte,  
sombra dos teus castiñeiros.

As garelas de Betanzos  
todas toman chiculture;  
agora ben lles abonda  
o aire do miriñaque.

Heiche de contar un conto,  
un conto de mil mentiras:  
polo mar andan as lebres  
e por Talái as anguías.

Polo río do Mandéu  
vai un gato dando berros,  
que lle cortaron o rabo  
para bigote de cregos.

Na miña vida tal vin  
na carreira do Refoxo;  
vintecinco costureiras  
da cabalo dun raposo.

---

San Paio de Vilacova  
ten unha pipa ó torno;  
os homes beben o viño  
e as mulleres, un corno.

---

San Xulián de Mandaio  
feito de pau de ameneiro,  
irmauciño dos meus zocos  
e mais do meu tabaqueiro.

---

San Cristóbal de Mesía,  
San Pedro de Burrifás,  
San Antonio de Cabrúí,  
todos tres eran irmás.

---

Sempre me andas preguntando  
de qué romaría veño.  
Veño de Santa Lilaina  
do convento de Monfero.

---

No convento de Sobrado  
hai un frade galiñeiro,  
que total-as tardes berra  
«¡Churras, churras, ó poleiro!»

---

Nosa Señora da Laxe  
e mais a de Vilariño  
foron facer unha festa  
a San Roque de Xabriño.

---

Maruxiña do Penedo  
foi chorando hastra Teixeira,  
porque os gatos lle comeron  
a manteiga do pucheiro.

San Paio de Vilacova  
ten us zapatiños brancos,  
e as neniñas de Loureda  
vanllos ver ós días santos.

---

A Virxen de Sarandós  
ten unha mantilla nova  
para ir a visitar  
San Miguel de Figueiroa.

---

Se á Madanela  
non vou, meu amor,  
en todo o ano  
non fago labor.

---

Paséi a Ponte do Porco,  
botéille a man polo lombo;  
San Antonio te bendiga,  
porquiño, que estás ben gordo.

---

A Betanzos lo comparo  
a la hechura de una taza;  
todas son cuestas arriba  
hasta llegar a la Plaza.

---

San Paio de Vilacova  
ten us zapatiños brancos;  
a Saleta de Presedo  
vaillos ver os días santos.

---

Mariquiña de Xanrozo,  
onte túa nai cocéu;  
dame un bocado de bola  
pola nai que te paréu.

---

¡Toca Orto! ¡Viva Orto!  
Que nas parroquias de Cambre  
todos son homes pequenos  
e teñen barriga grande.

Anque che son das Mariñas,  
das Mariñas de Betanzos,  
anque che son das Mariñas  
non che vendo garabanzos.

---

Falas e falas sen tino,  
botas a pacel-a lingua,  
non gardas nunca un segredo;  
erel-a Porta da Vila.

(Recogidas por diversos vecinos  
de Betanzos.)

---

Betanzos é boa vila,  
(falta el segundo verso)  
levando cartos no peto,  
pan de trigo haino na Plaza.

Adiós, feira da Viña,  
feira de perdel-o tempo,  
que por ela se pasean  
cuatro cabezas de viento.

---

Paseéina, paseéina,  
e volvina a pasear;  
a aldea de Escañói  
yo no la puedo olvidar.

---

Quédate con Dios, Ambroa,  
la espalda te voy virando;  
la despedida es buena,  
la vuelta sabe Dios cuándo.

(Recogidas por José Abeal López.)

## O ÚLTIMO ZOQUEIRO DA BISBARRA BRIGANTINA

Por XOSÉ LUIS MAURI GARCÍA

Unha tarde do mes de xaneiro, acompañado dun amigo meu, mestre do colexio «Francisco Vales Villamarín», fun en busca dun dos derradeiros artesanos da zoca que quedan na nosa comarca, co fin de esculcar un pouco na súa sinxela vida e no seu manual traballo.

Se lles contase todas as incidencias da nosa viaxe para atopar a este home, que previamente me citara con el na feira do dazaséis daquel mes, non me chegarían as páxinas deste ANUARIO.

Aínda me parece ouvir a Ramón —o mestre—, cando me decía que o camiño que o vello nos pintara no chan co rabo do galleto, non se parecía en nada ao que nós seguíamos. Despóis de moito andar e perdernos, e moito preguntar, encontramos a ditosa corredoira, en pendente, que nos levaría ao sitio onde vive este petrucio. O lugar en cuestión chámase Castromil e pertence á freguesía de Muniferral. Eiquí, en Castromil, é onde vive Constantino, artesano dende neno no oficio da laboura das zocas e persoa que moi amábelmente aceptou a colaborar na tarefa que me propoñía.

Pío, que asín é como o coñecen na aldeia, salnos a recibir moi

cordialmente, a pesar de que xa é noite, e aínda encima viñémoslle a interrompir a cea. Unha vez no interior da casa, preséntanos á familia coa que vive, atopándose todos nese intre arredor da cociña de fe-



O zoqueiro de Muniferral dando os derradeiros toques a unha peza.

rro, con sonrosadas cores nas meixelas, debido ao caloríño do fogo, que tamén a nós nos iba a facer alí moi agradábel a estancia.

Despóis de acomodarnos á beira del, para seguir de cerca a súa la-

boura, comencéi a escarabellar na súa vida, observado en todo momento pola súa xente, que igualmente participaba na conversa e todos iban lembrando cousas.

Pío é un home de cincuenta e cinco anos e, polo de agora está solteiro, e digo polo de agora, porque as zocas fanse para recorrer os camiños e como el as usa sempre, quen lles di a vostedes que o día menos pensado, nun deses vieiros de Deus, topa cunha rapaza de bon ver, que sexa a que lle dea o herdeiro que necesita.

Leva xa cuarenta e tres anos adicado ao mester das zocas, artesanía que herdou de seu pai e que, sen dúbida algunha, morrerá con el.

Cóntanos, tristeiro, que empezou a traballar neste oficio cando tiña doce anos, obrigado polas necesidades económicas de entón, tendo como mestre ao pai e de compañeiro a un irmán.

Á morte do proxenitor seguíu choiando co irmán, que pouco despois marcharía para as Américas, residindo na actualidade en Buenos Aires. Dende ese intre, Pío faríase cargo el soio do taller.

Un pouco mais ledo lembra aqueles anos, nos que a profesión de zoqueiro estaba ben remunerada, chegando incluso a vender en varias ocasións mais de cen pares de zocas por xunto.

En cambio, agora, a situación é completamente distinta, e moitas veces doube o caso de que os

cartos que sacaba vendendo uns pares na feira de Betanzos, non lle chegaban nin para pagar o xantar e a viaxe de volta, polo que cada día é menos o tempo que pasa no obradoiro.

Moi secamente di: «O problema está en que as persoas vellas son as que compran as zocas e como pouco a pouco se van morrendo, cada día son menos os que quedan para compralas».

Hoxe en día, Pío traballa na terra e coida toda clase de bichería, que é o que lle dá para vivir, e cando ten un anaco libre, ou non pode traballar na terra, métese no taller e con mais tranquilidade que antes vai facendo as zocas.

A petición nosa, vai recadando as farramentas para mostrarnos cómo se fai esa clase de calzado, mentras tanto o meu compañeiro Ramón vai facéndolle unha serie de fotografías, que despois serán reveladas polos seus alumnos dos cursos 7.º e 8.º de E.X.B., das que dúas delas son as que ilustran este traballo.

Cando Pío empeza a xornada parece que se retrá un tanto e deixa de falar, polo que me vexo na necesidade de facerlle un sin fin de preguntas, que nos vaian aclarando a confección dos exemplares, e o momento en que ten que utilizar os diversos instrumentos.

A madeira que utiliza é de buxo e adóitase cortar no mes de xaneiro, por ser nesta época na que o vexetal está mais verde e as cor-

tizas son mais doadas, conseguindo así a limpeza da madeira para facer unhas zocas perfectas e sen fallos.

Xa coa árbore caída, cun *tronzón* —serrucho de man— vaise fendendo o toro en pezas duns cincuenta centímetros, e logo con estas pezas, cun *machado*, fanse as toradas.

As *toradas* que se obteñan de cada *torozo* xa dependen do grosor do mesmo, pero sóense facer catro toradas por peza.

Agora que a torada xa está lista, é de eiquí de onde se vai sacar a zoca.

Para darlle esta forma á torada, emprégase o machado. Unha vez que con esta ferramenta chegou a conseguirse unha peza aínda tosca, é cando se utiliza a *anxola*, instrumento co que pouco a pouco vai desbastando por fora a madeira e dándolle xa un xeito mais vistoso á zoca.

Despóis de rematada esta operación, cunha *xubia*, pola parte superior da peza, márcase o sitio onde excavar, para logo poder meter o pé.

A tarefa de excavar a madeira, onde vai ir acomodado o pé, chámase *tradear*, e o chisme que se utiliza é un *trade*, sendo esta laboureira moi delicada, pois córrese o risco de traspasar a madeira, rompendo deste modo a zoca.

Estará o lector preguntándose, seguramente, cómo fai este home para saber qué medida darlle ás zocas para que lle sirvan a un.

O que adoita facer Pío, para obter a lonxitude, é meter dentro dun zapato normal un pau, sacándoo logo e medindo, tendo desta maneira unha referencia en centímetros. E en canto ao ancho, xa os soe facer por encargo, acondicionando deste xeito os defeitos do pé —como ben poden ser os xoanetes— ás zocas.

Cando a zoca xa está tradeada, pasa a moldearse, e esto faise cunha *ierga*, que se mete dentro daquela con moito coidado e rebaixando a madeira con grande precaución. Despóis rebócase arredor da entrada por onde vai meterse o pé, e esto faise cun *rebocador*. E para rematar, alísase a zoca por fora, afeitándoa cun *coitelo* e pasándolle seguidamente unha lixa.


Despóis de acabada, pódese debuxar tamén o exterior decorosamente, facéndose isto cun *risco*, quedando xa a zoca lista para a súa comercialización.

Verdadeiramente podo asegurar que o traballo de Pío é puramente artesanal, conservando os costumes de moitos séculos, sen ningunha modificación, sendo unha grande pena que esta interesantísima tradición teña que parecer cando desapareza a actual xeneración.

Tería que buscarse unha solución para potenciar tal tipo de artesanía, por meio da creación de escolas profesionáis, interesándose, ao propio tempo, polo progreso do mercado.

Espero que con este pequeno artigo, confeizoado gracias á amabilidade de Constantino Espiñeira Cachaza (Pío), poida renderlle a el

e a todos os seus compañeiros de profesión a cordial homenaxe a que son verdadeiramente acreedores.



Toradas, zoca a meio facer, zoca rematada e ferramentas empregadas na tarefa.